

Pimentel: o poeta como forasteiro

Xoán-Luís Marín Escudero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARÍN ESCUDERO, XOÁN-LUÍS (2011 [1990]). “Pimentel: o poeta como forasteiro”. *Dorna*: 16, 59-65. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/600>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARÍN ESCUDERO, XOÁN-LUÍS (1990). “Pimentel: o poeta como forasteiro”. *Dorna*: 16, 59-65.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PIMENTEL: O POETA COMO FORASTEIRO

Xoán - Luís Marín Escudero

Unha polémica fundamental semella polarizar boa parte das opinións e xuízos verquidos nos xornáis e nos diferentes traballos saídos á luz co gallo de adicárselle o Día das Letras Galegas deste ano a Luís Pimentel. Pasados xa os días álxidos dos actos conmemorativos, unha dúbida, unha cuestión, permanece sen embargo aberta: a adscripción de Pimentel con carta de natureza propia á historia da literatura galega ou o seu rexeitamento e conseguinte inclusión na castelán. Pimentel, ¿poeta galego ou poeta castelá? A ninguén se lle escapa que esta disputa ten lugar dende dous terreos nidiamente diferenciados. Os defensores da primeira alternativa, na súa



Autorretrato, por Luís Pimentel

meirande parte coetáneos achegados ó seu círculo de amigos e contertulios (en especial D. Ramón Piñeiro), aínda recoñecendo a condición de castelán falante e castelán escribinte de Pimentel, fan fincapé no seu compromiso ético interior con Galicia e as súas menesterosidades, que tería posto dabondo de manifesto a través de conversas personais e actos públicos, amáis da súa preocupación por auto —ou hetero— traducir as súas composicións ó galego. Os segundos (dos que quizais mereza salientarse sobre todo Xesús Alonso Montero), cunha visión máis ontolóxica da lingua, desenténdese de toda outra consideración alléa á escrita coma conformadora dunha captación do mundo e xulgan a Pimentel non só coma castelán falante ou castelán escribinte, senón tamén coma castelán-habitante, é dicir, como habitante da casa da lingua castelán, a pesares da súa incursión no marco da casa lingüística galega. Por medio da coñecida metáfora de Heidegger da linguaxe coma "Casa do Ser" téntase poñer fóra de xogo, ou mellor, de abarcar superando, a visión psicolóxico-culturalista (ética se se quer) dos primeiros.

Nas liñas que seguen, non trato de mediar nesta disputa, soamente pretendo rastrexar brevemente, acudindo ós propios textos pimenteliáns, a asunción por parte do autor lugués da metáfora da "casa" da linguaxe. De tódolos xeitos, penso que non é lícito agardar unha resposta tallante e inequívoca que dilúa as nosas dúbidas. Para empezar, convirá dicir que Pimentel, cando

fala de "casa", non pretende metaforiza-la linguaxe como tal (como faría, por exemplo, un filósofo), senón tan só a actividade, o propio acto escribinte do poeta. Así en "O meu refuxio" e en "Outra vez" (pertencentes ambos a *Sombra do Aire na Herba*) preséntasenos o poeta como un "ecrivain" burgués na soedade do seu gabinete e ameazada a súa poesía polas crises do tedio, da atonía, mentres que en "El Viaje" (*Barco sin luces*) a despedida escatolóxica da casa trala morte, anúlase fronte á imposibilidade do poeta de abandoa-la casa da súa linguaxe, de ir en busca das alendidades poéticas. Sen embargo, o exemplo que neste caso pode resultar sorprendentemente esclarecedor é o dun poema como "Miedo" (*Obra Inédita e Non recopilada*) os primeiros doce versos do cal están en castelán e os sete seguintes –no suposto de que haxa unha continuidade estrutural (temática sí que a hai)– en galego, e no galego hiperenxebre e dialectal


do propio Luís Pimentel. Na primeira parte en castelán se trata da prácida experiencia da volta ó fogar, cos "leit-motiven" coñecidos do autor: acolledor recibemento dos obxectos subxetivados: "Mira como sonríe tu cayado, arrimado a un ángulo", e re-ubicación de pés e mans no seo dunha "antropoloxía do quiasmo"; os pés xa non corren perigo algún: "Callaron los sonoros socavones de la playa", isto é, xa non hai perigo descorporizador –e, polo tanto, segundo a "Antropoloxía do quiasmo", desapalabrador– perante a teluricidade (tedio, sensualidade), pés que "debaixo da auga xa non son nosos, senón dun naufrago" (*Oración e gabanza dos nosos pes*, SdA). As mans, pola súa banda, "no se pierden en la noche, vacías, sin sangre entre el silencio", non sucumben á luminosidade de *xelo* dos polichinelas enfariñados (*Pantomima*, SdA) que pretende facer coincidi-lo suxeito poético co empírico, a forma e a materia poéticas. Entretanto na subseguinte (¿hai algún tránsito?) versión galega, case no mesmo escenario, describese tamén, a volta a unha casa, á "casa do poeta", ó lugar ónde se atopa instalado o poeta. Pero agora difumínase o sesgo antropolóxico dos versos en castelán, á casa chégase dende o mar, que é en Pimentel o símbolo do desbordamento polas potencialidades alegórico-representativas da linguaxe: "Foron campás que non coñecías, alá nas inmensas e fondas catedraes, nas bóvedas sinistras do mar". Tras desta arrepiante visión o medo queda na porta, pero ¿podemos estar seguros agora de que nos atopamos na casa, nalgunha casa? No interior só achamos unha grande dúbida. Nos versos en galego o acto da escrita é simultáneo coa dúbida, ¿con qué dúbida? non cunha dúbida intelectualista, escéptica ou metódica, senón cunha dúbida pior, cunha dúbida que está de volta de tódalas evidencias, coa dúbida tomasiana



Luís Pimentel, na súa época na Residencia de Estudiantes (1922).

(didímica): "Proba a meter túas mans niste risco luminoso de lampre". De todo isto parece desprenderse que Pimentel entende o castelán como lingua do individuo, do "citen" armonicamente insertado na súa cidade, no seu mundo, na súa fratria como diría o propio X. Alonso Montero, coma lingua, nunha palabra, de *Instalación* con maiúsculas. Instalación do individuo con respecto ó seu corpo, dono xa do seu corpo, do corpo da linguaxe e da linguaxe feita corporeidade; instalación tamén do individuo con respecto dos seus semellantes e do seu entorno, unidos ambos na figura do caxato sorrinte. Pola contra, o galego xorde coma unha lingua de des-instalación, dunha casa baleira da que só existirían as formalidades estruturais, lingua dunha comunidade aínda non establecida, ou lingua da exclusión da comunidade. A "casa" lingüística galega aparece, ou ben como pura exterioridade (contradicción abstracta entre os aspectos representativos e alegorizantes) ou ben como pura interioridade (dúbida tomasiana constituínte do "Cogito" poético do individuo), unha casa que aínda non experimentou a nivel colectivo (Cidade/Mundo; Intimidade/ Socialidade) a necesidade dunha mediación entre a inefabilidade ágrafa (Mar) e a decibilidade do vulgo.

Neste senso, o último verso da sección galega de "Miedo" "¡Irmão, pensa que estás na casa!" pode ser, aparte dun xesto paternalista cun fin irónico, unha enganosa exhortación a confiarse nos brazos do folclorismo, ó sair necia e precipitadamente airoso da dúbida tomasiana. O galego é aquí para Pimentel lingua de exclusión, de exclusión dos falsos poetas, i.e. dos poetas que sucumben á temporalidade — e á espacialidade — dos suxeitos empíricos, pero dende unha instancia asemade excluínte, pois unha poetización consecuenta "dende" o galego, "dende" a casa do galego, está condeada, polo de agora, á errancia e ó



Caricatura de Luís Pimentel, por Mouriz

rexeitamento reservados ós forasteiros. Mentres que nas interpretacións de Ramón Piñeiro e de X. Alonso Montero, reclaman a Pimentel para unha casa ou outra (galego ou castelán), e o máximo que se está disposto a recoñecer en ámbalas dúas, é un Pimentel "hóspede" da lingua da que non é "habitante", son os propios textos pimenteliáns os primeiros en superar esta dualidade e pensar (se) o (no) galego como "forasteiro".


Toda "lingua da casa" implica o ineludible correlato da súa "lingua forasteira",

todo traslado dunha a outra é problemática, toda tradución é problemática. Por certo, Pimentel adica o poema "Forasteiro" (*Sombra do Aire na Herba*) a un dos seus tradutores ó galego: Carballo Calero. A Ramón Piñeiro, outro dos seus tradutores, está adicada a "Canción pra que un neno non durma", poema incluído en *Triscos* e en sí mesmo, inocuo con respecto ó problema aquí tratado, pero que se o consideramos dende o punto de vista da súa inserción no drama en castelán *Angustia (O.I.N.R.)* é unha decisiva aportación ó que estamos a debater: a nai desexosa de que esperte o seu fillo –ante a sospeita, polo de agora innominada, de que estea morto– receita o poema, pero todo sae en contra do seu desexo inicial, os últimos versos: "Vexo o río mouro e unha folla morta" parecen transformar, a través dun "acto de escrita", a inicial sospeita en realidade. En adiante, o monólogo da nai tenderá a escorrenta-la sombra da morte, desautorizando a voz dos poetas: "Los poetas y los versos nunca aciertan, son palabras y palabras". A nai acumula máis e máis argumentos sen éxito, só preto xa do desenlace, asegura que se o neno estivese morto "en ese sofá estaría sentado un forastero, quieto, silencioso". Trala inserción dun poema "forasteiro" nun drama na "casa" dicir que se o neno está morto, está presente o forasteiro, é o mesmo que dicir que se o poema en galego é verdade, entón a vocatividade, o interlocutor desa lingua só ten lugar no forasteiro, co cal atopamos excluída a idea da comunidade do galego nunha fugaz entrevisión dende a familiaridade do castelán.

"Lingua forasteira" non quere dicir, sen embargo, lingua de incomunicación, menos aínda lingua dun mero valor sentimental (como subxace á interpretación de R. Piñeiro). No poema "Una melodía gallega lejos" (*O.I.N.R.*) a musicalidade da lingua galega, ou mellor, a musicalidade na

lingua galega, na lonxanía do mar: "El mar la quiere como una estrella" ou na proximidade do corazón: "El corazón la quiere como a un verso", insisten na anteriormente aludida oscilación in-mediada abisalidade/intimidade: "Pero su silencio me llena de música, como una niebla sobre los pinos", mais de tal xeito que fai posible na súa pasaxe incontrolable o acto poético mesmo: "Pero su música me llena de silencio, como una brisa sobre la hierba". A conxunción da presenza e da lonxanía da musicalidade da lingua na feminidade –caso do poema "Muller de Galicia" (*O.I.N.R.*)– ou na fala do neno –caso do poema bilingüe "Palabras" (*Barco sin luces*)– perante as atonías dos "escombros da linguaxe" sen tan sequera "o eco do aire nos seus pregues" ("Outra vez". *SdA*) dos interiores domésticos converten ocasionalmente ó poeta nun forasteiro dentro da súa propia casa, da súa propia linguaxe, e non soamente nun "poeta alófono na súa terra" como sinala Xesús Alonso Montero.

A pesar de todo, o bilingüismo pimentelián non é para Alonso Montero nada máis que un espellismo, desfacendo deste xeito o carácter de portaestandarte da composición "Palabras" insiste Alonso en que a trampa estaría na agachada monolingüística do poema. Non habería dúas linguas nel, senón dous niveis dunha mesma lingua: expresións como p. ex. "Teño unha pomba" non sería explicadas polos versos subseguintes en castelán, senón que virían a ser unha sorte de enunciados metalingüísticos, mesmo retóricos: as mans poñeríanse mornas, ocas e faríanse niños non cando o neno di "Teño unha pomba", senón como cando o neno di "Teño unha pomba". Así reconduce Alonso Montero a interpretación da linguaxe como Casa do Ser quizais siloxisticamente, do 'logos' á 'lexis', movéndose en función das esixencias do seu 'onus probandi'. O curioso do caso é



que Alonso Montero defende a pertenza do poeta lugués á "casa" lingüística castelá en nome dun desiderátum xenuinamente pimentelián, como é o do rexeitamento da poesía folklorista e militante, o do pisar a gaita que merece estar exangüe (Consello). Aínda que xa se sabe a historia do papismo e mailo Papa...

Outro dos eixos arredor dos cales xiran as argumentacións de Alonso Montero é a inquedaanza hölderlo-heideggeriana de ato-

par a través da poesía o nome "propio", "auténtico" das cousas. Se esta hermenéutica da "propiedade" da palabra é aplicable a Pimentel, entón todo reverte ó aspecto psico-lingüístico da escrita do noso autor, ó desenrolo lingüístico da súa poesía a partir da súa indubidable familiaridade, domesticidade co castelán. En última instancia asistiríamos en ámbalas dúas posicións (a de Ramón Piñeiro e a de Xesús Alonso) a unha retirada perante os textos pimenteliáns

en favor do inatacable e escuro miolo da vontade do autor de poetizar nunha ou outra lingua, sexa una vontade "voluntaria" (compromiso ético-político con Galicia na escrita) ou "involuntaria" (instalación psico-ontolingüística na fala).

"An die Texte selben!" ¿é a poesía de Pimentel unha poesía da nominación? O certo é que Pimentel adícalle unha cantidade considerable de poemas a un caso particular de nominación: a antroponimia. O problema do nome propio da ipseidade humana, antes ben cun carácter fundante ó xeito de W. Benjamin, ten un efecto máis ben negativo; vencéllase a crises de anguria metafísico existenciais, cando se suliña a latexante aberrancia da monoloxicidade poética: "nuestra propia voz nos sorprende y hasta nos asusta en la soledad" ("Estos ojos". *O.I.N.R.*), ou cando as experiencias da violencia e da desposesión da guerra redundan nunha alo-fonía, trocada máis ben nunha exo-fonía: "De mis labios salió una palabra, cualquier palabra inútil: quería oír mi propia voz. Me pareció la voz de un



retrato cuando era niño, o la voz de mi madre" ("Cunetas", "Los fusilados". *O.I.N.R.*). Pero é aquí, onde a primeira vista, Pimentel semella buscar refuxio na palabra propia da nenez ou da nai, onde tamén Pimentel fai a aportación á literatura galega -descoñecida e inédita ata o momento que saibamos- de non aferrarse á oposición propio/impropio ou familiar/ forasteiro e pensar incesantemente o fenómeno da estrañeza nunha lingua (neste caso no galego, pero non no galego estereotipado da poesía de denuncia ou civil, senón no galego en tanto todo o que conleva de 'unheimlich' na Casa lingüística castelá, fogar da palabra natal pimenteliana, pero asemade pazo onde se trama o crime, bandeira morna e triste pingando anilina e bosque da palabra militarizada e incomunicante do ¡Alto! do centinela; nunha palabra, complicidade sempre alegorizada do castelán no rexeitamento do forasteiro) no seo dunha crise de anguria existencial e no marco dunha crise máis xeral do orde e do fundamento que ameaza á poesía dende o seu mesmo nacemento.

O neno do drama *Angustia* unha vez adulto supón unha radicalización da palabra forasteira no suicidio que carrega ó perseverar nun 'fogar' poético a costa de escorrentar ó estraño: "Mi nombre no era para mí, no estaba hecho para mí (...) Mis hermanos eran extraños para mí, no tenían nada que ver conmigo, yo estaba sólo en el mundo" ("No era de este mundo". "Carta para un suicida"). Carta *para* un suicida, non *dun* suicida. A fragilidade de toda antroponimia e a estrañeza da propia 'Foné' cónverten a todo auténtico poeta nun forasteiro sen casa permanente.

O nome. Nomear. O poeta mora na paradoxa, na paradoxa, do antes do nome e na anguria do despois do nome, a 'eternidade das cousas' é a súa mediación pola linguaxe: "¡Ou a angustia de bautizarte, á agarda de que chegue a palabra precisa! e

daquela esa dor, o ardente pracer de facer eterno o tempo de agarda" ("O Nome"). Na composición "A poesía e o gran milagre do mundo". (*SdA*) xorde a problemática do nome común, da instauración do nome común por parte da poesía: "Nomearás calquera cousa –árbore, cabalo, pedra... –e veralos nacer coa súa vida máis íntima, cos seus contornos máis puros". Repárese que Pimentel emprega o vocativo. En realidade este poema no seu conxunto o que trata de metaforizar en grao máximo é a diferenza entre o suxeito poético e o suxeito empírico: a casa da linguaxe trócase de súpeto no "templo" da poesía (templo como reino, onde o máis brosmo e brután dos home des-cálzase ó entrar nel). O templo, lonxe do que poidera pensarse, é en Pimentel todo o contrario da consolidación e fixación inquebrantable, dalle xogo para evita-la substancialización de calquera dos dous suxeitos (o empírico e o poético) –de tan fatídicas consecuencias en "Pantomima" ou no ballet *La muerte de Pierrot*–. A palabra poética é agora un sortilexio antes ben cun 'fiat' xenesiaco, non esquezamos tampouco que o templo é espacio que non foi aínda domeado, que "llora y ruge bajo las bóvedas" ("Oración al terminar mi iglesia", *BsI*), susceptible de arruinarse" "Nun recanto onde tiña o meu altar, agora rotas palabras, escombros da linguaxe" ("Outra vez..." *SdA*) e con libros sagros que se poden pechar en calquer momento (*Ibid.*)

Pimentel é poeta de interrogar á poesía nas súas crises sempre a maiores, polo tanto

nunca un "poeta menor" –como teñen dito algúns en datas recentes–. Cada poeta nace á lingua nunha 'casa' concreta, certo, pero é unha casa en constante facerse e desfacerse: "Se vienen abajo todos los tabiques (...) todas las estancias se quedan abiertas –las puertas de par en par–, sin ruido; sin polvo, sin sombras" ("Frente al mar". *O.I.N.R.*). Un poeta que plantexa con radicalidade a mesma natureza referencial da linguaxe, como rematamos de ver, non pode en boa lóxica ser considerado un poeta dos chamados "menores".

O forasteiro Pimentel non está só, o poeta e/ou o forasteiro sen comunidade xa non están sós, ¿é preciso para concluir citar algún exemplo da historia da literatura en apoio desta ou doutra tese? Ramón Piñeiro e Xesús Alonso Montero así o fan: García Lorca, Rilke, Riba, Hopkins son os elexidos. Pola nosa parte ocrresenos invoca-la figura do poeta (en) alemán Paul Celan coas súas internas e incesantes resoancias do 'yiddish', a lingua dos xudeos centro-leste-europeos. Celan ensínanos con Pimentel que para habitar unha lingua é necesario dispoñer do Schibboleth: non soamente comprende-lo sentido das palabras, non soamente saber como é preciso pronunciar unha palabra, senón tamén sabela "dicir" como é preciso. A Pimentel non lle foi suficiente habitar unha lingua, ser hóspede doutra, ser auto-ou hetero-traducido dunha a outra, quixo coñecer e facernos coñecer a nós a experiencia da impropiedade, da foraneidade nunha lingua.